

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

Casa Martelo. R/ Franxa, 14

15001 A Coruña

Tlf.: 981 080 111.

email: conservatorio.danza@dacoruna.gal

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019/2020

Criterios de avaliación: DANZA CONTEMPORÁNEA

4º GRAO ELEMENTAL

Realizar correctamente os exercicios básicos propios do seu nivel de relaxación respiración e aliñación do corpo. Con estes exercicios preténdese observar se o alumnado está concentrado na súa respiración, relaxa as distintas partes do corpo e mantén o nivel de atención sostida segundo ao nivel iniciación.

Aprendizaxe e execución adecuada de principios básicos de danza moderna tales como:

- Contracción - relaxación.
- Caída - recuperación.
- Espirais co tronco.

O alumnado deberá tamén ser capaz de realizar combinacións sinxelas de equilibrios e xiros en posicións paralelas.

2º GRAO PROFESIONAL

O alumnado executará exercicios sinxelos da técnica Graham, Release e técnica Cubana de Danza moderna estudados durante o período de clase.

Realizaranse tamén combinacións e frases onde se mostre a fluidez dos movementos e as diferentes texturas dos mesmos, traballando en diferentes alturas (no chan, medio e no aire fundamentalmente)

O traballo espacial e as combinacións terán unha maior complexidade que no curso anterior.

3º GRAO PROFESIONAL

O alumnado deste nivel deberá mostrar aínda máis dominio do traballo no chan ase como maior fluidez e control do seu corpo, maior forza nas extremidades superiores para caer e recuperarse.

Enlazar secuencias que combinen caídas, espirais, saltos acrobacias sinxelas aplicadas á danza contemporánea e demais elementos practicados no curso.

As alumnas e alumnos deberán ser capaces de crear pequenas frases coreográficas integrando elementos da clase utilizando pautas de creación, o profesor guiará este proceso que vai incluír tamén improvisacións individuais, en parellas ou grupais.

Os elementos serán executados de acordo ao nivel do curso en cuestión

4º GRAO PROFESIONAL

A execución dos elementos simples deberá estar un nivel cualitativo superior ao curso anterior.

Na caída-recuperación mostrar máis control do cinto pélvico, aterraxes máis limpos e suaves combinados cunha recuperación máis inmediata.

Débese notar unha evolución nos xiros, tanto nos que son no eixo como fora do eixo.

Nas coreografías creadas polo profesor o alumnado debe comezar a entender os cambios de enerxía, dinámica, espazo, facendo xa notar que poidan proxectar os movementos no espazo.

5º GRAO PROFESIONAL

Debe observarse unha execución cualitativamente superior ao curso anterior e acorde coas exixencias do nivel requerido.

Mayor dominio das caídas e recuperacións, máis limpeza e suavidade nos movementos, control sobre o esforzo e a enerxía.

Aumento do virtuosismo na execución das frases.

O alumnado controlará máis claramente o espazo, as distancias e os niveis.

6º GRAO PROFESIONAL

O alumnado amosará máis madurez e coñecemento da linguaxe da danza contemporánea. Débe mostrar unha maior conciencia corporal, espacial, sensorial e control do peso do seu corpo.

Os momentos serán máis amplos e limpos, tanto no trazo coma no inicio e o remate.

Deberá ser capaz de mudar o carácter das coreografías dependendo da música e do espazo.

Bailar e interpreta-las coreografías regulando o esforzo e mostrando máis resistencia física e potencia.